

**ORDENANZA FISCAL Nº I.3 REGULADORA DO  
IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, S,  
INSTALACIÓN E OBRAS**

\*\*\*\*\*

**FEITO IMPOÑIBLE**

**Artigo 1:**

1. Constitue o feito imponible do imposto, a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra urbanística, se obtivera ou non dita licenza, ou para a que se esixa a presentación da declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- A) Obras de construción de edificacións e instalacións de todas clases de nova pranta.
- B) Obras de demolición.
- C) Obras de edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior coma o seu aspecto exterior.
- D) Alineacións e rasantes.
- E) Obras de fontanería e sumidoiros.
- F) Obras en cementerios.
- F) Calqueira outras construcións, instalacións ou obras que requiran licencia de obra ou urbanística.

**SUXEITOS PASIVOS**

**Artigo 2:**

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos considerárase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declara-

cións responsables ou comunicación previas, ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota satisfeita.

**BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO**

**Artigo 3:**

1. A base imponible deste imposto está constituída polo coste real e efectivo da construción, instalación ou obra.

Inclúese na base imponible a partida correspondente á maquinaria, instalacións industriais e mecánicas, así como calquera outro, precisos para o exercicio da actividade e conste no proxecto para o que se precise da obtención da pertinente licenza municipal (conforme aos criterios xurisprudenciais fixados en cada momento).

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible, o tipo de gravame.

3. O imposto devengase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza.

4. O tipo de gravame será do **4%**.

Listado de prezos mínimos para obras, construcións auxiliares, restos de obras, acometidas e conexións ás redes de auga e sumidoiros, etc. que carezan de proxecto técnico debidamente visado polo colexio profesional correspondente:

**LISTADO DE PREZOS MINIMOS**

	€
1. M/2 substitución carpintería	87,24
2. Unidad puerta de madera	106,77
3. Reposición cristales, M/2	16,95
4. M/2 reposición material de cubrición	21,36
5. Id. solado de terrazo	16,47
6. Id. id. de cemento	8,72
7. Id. id. de parquet	24,16
8. M. l. rodapié	2,83
9. M/2 encintado	8,37
10. Id. limpeza paredes de pedra	3,77
11. Id. pintura	2,37
12. Id. azulejo	13,96
13. Id. reboque y enfoscado	5,72
14. Id. falso techo	10,48
15. Id. mampara	70,49
16. Id. impermeabilización	7,61
17. M. l. bajante	11,59

18. M. l. cámara de aire	1,40
19. M/2. rejas de seguridad	45,93
20. M/2. picar cales	2,79
21. M/2. limpeza o roza de terrenos	1,04
22. M/3. excavación	2,79
23. Unidad puntos de luz, enchufe	16,61
24. Id. fosa séptica	711,87
25. Id. pozo de agua	1.046,88
26. Unidade lápida	41,87
27. Sustitución sanitarios:	
Bañera	262,62
Lavabo	64,56
Bidet	45,86
Inodoro	101,20
TOTAL	474,24
28. M/2. construcción escalera	45,37
29. M/2. apertura hueco	3,50
30. M/3. desmonte y terraplenado	4,20
31. Id. relleno	1,75
32. M/2. construcción aseos y cuartos baño	325,96
33. Id. pequeñas ampliaciones de vivienda	325,96
34. Id. arreglo cubierta (superficie x 1,15)	20,59
35. Id. retejados o limpeza de cubierta	4,20

**VARIOS**

	€
36. M.l. toldo	69,79
37. M <sup>2</sup> . marquesina (según proyecto técnico)	209,37
38. Unidad entrada de vado permanente	139,57
39. M <sup>2</sup> rótulo saínte (banderíns)	209,37
40. M <sup>2</sup> rótulo adosado (mostras)	139,57
41. M <sup>2</sup> rótulo saínte luminoso (banderíns)	251,24
42. M <sup>2</sup> rótulo adosado luminoso (mostras)	174,48
43. Placa profesional	209,37
44. Id. Cartel plublicitario	27,92
45. Unidade instalación grúa ou morteiro	174,48

**CERCAS (ALTURA MÁXIMA = 2,00 m)**

	€
46-47. M. l. aramado con postes e valados de obras.	12,28
48. M. l. bloques en zócalo, postes e cerca transparente.	30,71
49. M. l. cantería	76,76

**MUROS DE CONTENCION**

	€
50. M/2. muro de contención (según presupuesto de proyecto técnico)	47,64

**CONSTRUCCIONES AUXILIARES**

	€
51. M/2. Construcción galpón	45,37
52. Id. construcción alboyo o alpendre	45,37
53. Id. construcción cobertizo	45,37
54. Id. construcción de bodegas	87,24
55. Id. construcción de garajes individuales	87,24

**RESTO OBRAS MENORES**

	€
56. M/2. cierre balcones tipo galería	108,39
57. Id. cubrición terraza con traslúcido	19,19

**ACOMETIDAS Y CONEXIONES A LA RED DE AGUA Y ALCANTARILLADO**

	€
58. Unidad acometida y conexión a la red de agua en calle urbanizada	244,26
59. Ud. acometida y conexión a la red de agua en camino pavimentado	202,39
60. Ud. acometida y conexión a la red de agua en camino sin pavimentar	153,55
61. Ud. acometida y conexión a la red de alcantarillado en calle urbanizada	279,16
62. Unidad acometida y conexión a la red de alcantarillado, en camino pavimentado	244,26
63. Ud. acometida y conexión a la red de alcantarillado en camino sin pavimentar	209,37

**BENEFICIOS FISCAIS**

**Artigo 4:**

1. A solicitude do interesado, á Xunta de Goberno Local, previo informe dos técnicos municipais, poderá aplicar unha bonificación de ata un 50% na base impoñible das seguintes obras:

a) Obras de modernización de pequenos e medianos comercios, así como nas de rehabilitación de fachadas de edificacións.

b) Obras de ampliación, construción e traslado de empresas, sempre que sexan xeradoras de novos postos de traballo. Neste último caso a bonificación na súa porcentaxe máis ampla, preferentemente ás industrias que se ubiquen en solo industrial calificado ao efecto.

2. O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade á Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación do 50% da cota en atención ós documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interese ou utilidade pública municipal.

2.1 Ás construcións que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego seralles de aplicación unha modificación da cota segundo a escala seguinte. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

% bonificación	nº postos de traballo creados
50	Ata 4
65	De 5 a 10
75	De 11 a 20
80	Máis de 20 (Sí o 50% dos traballadores están empadroados no Concello de Vilagarcía de Arousa a bonificación será do 95%)

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2.1.1 O 100% dos postos de traballo creados deberán ter carácter indefinido. Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións ratearanse proporcionalmente ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de

aplicación ou, na súa falla, da xornada ordinaria máxima legal.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que exerza a actividade, sempre e cando sexa o suxeito pasivo do imposto.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

2.1.2. O suxeito pasivo deberá achegar, xunto coa solicitude da bonificación, a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:
  - Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria, dende o inicio da actividade.
  - Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
  - Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
  - Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
  - No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, falecemento, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
  - De ser o caso, certificado de alta profesional en colexio oficial e alta no

Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.
- Aquela outra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

**2.1.3.** A bonificación terá carácter rogado e solicitarase conxuntamente coa bonificación por fomento do emprego prevista para o IBI e o IAE, tramitándose conxuntamente as tres.

**2.1.4.** Inicialmente poderase xustificar o requisito da contratación de traballadores ca presentación dunha declaración xurada cos datos dos traballadores que van a ser contratados cando rematen as obras. Neste suposto, a bonificación concederase baixo condición resolutoria, de forma que de non presentarse a documentación prevista no apartado 2.1.2 desta ordenanza no prazo de 6 meses dende a finalización das obras, quedará sen efecto a bonificación concedida. Esixirase o importe deixado de ingresar xunto cos xuros de mora correspondentes.

**2.2.** Ás construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociosanitarias seralles de aplicación unha bonificación do 95% da cota.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

**3.** Á solicitude dos interesados, e previos os informes dos Técnicos Municipais, á Xunta de Goberno Local poderá conceder unha bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento técnico ou eléctrico da enerxía solar para o autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

**4.** Á solicitude dos interesados, e previos os informes dos Técnicos Municipais, a Xunta de Goberno Local poderá conceder unha bonificación de ata o 50% a favor das construcións, instalacións ou obras refe-

rentes ás vivendas de protección oficial, sempre e cando o uso ou destino das mesmas sexa o do seu aluguer.

**5.** Á solicitude dos interesados, e previos os informes dos Técnicos Municipais, á Xunta de Goberno Local, poderá conceder unha bonificación de ata o 90% a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados

**6.** A Xunta de Goberno Local determinará, en cada caso, se todas ou algunhas das bonificacións reguladas neste artigo son ou non aplicables simultaneamente. Se o foran, aplicaranse de forma simultánea e sucesiva, segundo a orde na que aparezan reguladas.

**7. Normas de procedemento para a aplicación dos beneficios fiscais contidos neste artigo:** Para a concesión dos beneficios fiscais será requisito a solicitude expresa do obrigado ao pago no prazo máximo de seis meses dende a concesión da licenza, declaración responsable ou comunicación previa, practicándose polo Negociado de Rendas liquidación provisional do imposto polo 100% da cota. Unha vez concedido o beneficio polo órgano competente, os interesados poderán solicitar a devolución da parte correspondente segundo a porcentaxe de bonificación concedida ou, se achega certificado de titularidade bancaria no momento da solicitude de bonificación, realizarase a devolución de oficio.

## XESTIÓN

### **Artigo 5:**

**1.** Cando se solicite a licenza preceptiva, ou sexa presentada a declaración responsable ou a comunicación previa, ou cando non téndose solicitado, concedido ou denegado aínda aquela ou presentado estas, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base impositiva en función do presuposto presentado polo interesado. Noutro caso, a base impositiva será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custe estimado do proxecto.

**2.** Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custe real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo, ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

3. O Concello establece con carácter obrigatorio, que a liquidación do imposto esixirase en réxime de autoliquidación, no momento da presentación da instancia de solicitude.

O servizo municipal responsable da tramitación do expediente da licenza verificará que no mesmo conste o xustificante da liquidación do imposto e, no seu caso, requerirá o interesado para que o aporte o expediente.

4. O pago das liquidacións derivadas da aplicación da presente ordenanza poderá ser aprazado ou fraccionado nos termos previstos nas Bases de Execución Orzamentaria.

### **INSPECCIÓN E RECADACIÓN**

#### **Artigo 6:**

A inspección e recadación do imposto realízanse de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

### **INFRACCIÓN E SANCIÓN**

#### **Artigo 7:**

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas corresponda a cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

### **ENTRADA EN VIGOR**

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 23 de decembro de 2024, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

#### **Fechas anteriores modificacións:**

Publicado BOPPO (modificación Ordenanza): 22/12/1999  
Publicado BOPPO (modificación coeficiente): 17/12/2001  
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 30/12/2002  
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 29/12/2003  
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 29/12/2004  
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 28/12/2005  
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 27/12/2007  
PUBLICAD BOPPO (modific. tipo impositivo): 19/03/2012  
PUBLICADO BOPPO: 11/02/2013  
PUBLICADO BOPPO: 12/12/2018.  
PUBLICADO BOPPO: 30/12/2021  
PUBLICADO BOPPO: 03/05/2023

#### **Fecha modificación actual:**

PUBLICADO BOPPO: 27/12/2024